

TERAPIA HABITACIÓN DE HOSPITAL. THH

O ingreso hospitalario acostuma ser unha experiencia perturbadora. Á preocupante situación da enfermidade únese a estancia nun lugar descoñecido, aséptico, que te sitúa na realidade da enfermidade. A habitación de hospital acostuma a ser un lugar clínico, impersoal, no que o noso corpo e a nosa mente non encontran o abrigo do espazo coñecido e propio.

Non podemos modificar a realidade da enfermidade, pero si podemos minimizar a vivencia do espazo hospitalario.

A innovadora terapia que che propoño incide na túa imaxinación e no teu subconsciente: se tes a oportunidade de cambiar segundo os teus desexos a habitación de hospital, o recordo que terás do teu paso polo hospital será o de ter permanecido na habitación modificada nunha maqueta.

TERAPIA HABITACIÓN DE HOSPITAL ESPECIFICA PARA LACTANTES

A Terapia Habitación de Hospital adaptada á área de lactantes pode ser de gran utilidade para a vivencia do ingreso hospitalario do voso bebé

A IDEA É A SEGUINTE

Deseñar a configuración da habitación do hospital para xerar a proximidade tan necesaria entre nai, pai, e fillo. O neno precisa sentir o amor que transmite a vosa presenza, e esta pode ser potenciada coa desexada transformación da habitación, aproveitando a enerxía dun lugar agradable.

COMO FUNCIONA?

- Recibes a maqueta da habitación do hospital na que vos atopades.
- Tedes a posibilidade de transformar a maqueta segundo os vosos desexos. Podedes cambiarlle a cor na súa totalidade: paredes, teito, chan, mobiliario (modificar a disposición do mobiliario, engadir ou retirar algún elemento), pensade en que compartides habitación con outros pacientes e familiares.
- A redución de escala permítevos a visualización da totalidade e o acceso mental. Unha vez teñades transformada a maqueta concentrádevos en vivir nela. A maqueta pasa a ser o lugar da vosa estancia no hospital.
- A terapia remata transformando o espazo da maqueta na vosa habitación ideal de hospital. No futuro cando lembredes o voso paso polo hospital a habitación que lembraredes será a creada por vos, segundo os vosos desexos e necesidades. Deste xeito minimizamos a vivencia do espazo hospitalario.

